



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR


CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024*, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (*DOG do 18 de setembro*), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no *artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996)*, redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do *Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26)*, corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro profesores/profesoras**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior.
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir do 29 de outubro no taboleiro de anuncios da sala de profesores e profesoras do Centro.
- 3.- As **candidaturas** correspondentes poderán presentarse **a partir do día 30 de outubro ata as 14'00 horas do día 11 de novembro**, mediante un formulario normalizado dispoñible na Secretaría e na web do centro.
- 4.- A mesa electoral estará formada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres nomes** da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- Para dar cumprimento ao *artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril*, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así como tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, **convócase Claustro de carácter extraordinario**, a tales efectos, para o **día 19 de novembro, ás 10:25 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Estrada, 29 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Beatriz Quintela Rúa

XUNTA
DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

IES AVELINA VALLADARES
A ESTRADA - PONTEVEDRA